



A Galiza que soñamos: catro reflexións

Ana Pontón Mondelo¹

1.- Facer País con xenerosidade

Leo e collo agora entre as mans, para preparar este artigo, algúns dos primeiros números da revista *Encrucillada* e detéñome na reflexión que se recolle no número 4, a modo de editorial, sobre as eleccións xerais de 1977 baixo o título *A lección das eleccións*. Fálase aí dunha Galiza derrotada, dunha fonda decepción, dunha realidade política na que semella que o noso País non existe.

Resulta imposible, aínda hoxe e tantos anos despois, non ler con emoción e con enorme satisfacción como á altura daquel tempo histórico, tamén desde os sectores máis galeguistas e progresistas da Igrexa galega, se vivía con gran decepción e preocupación o resultado dun proceso electoral que nos deixou sen representación propia en Madrid, exclusión que este País pagaría moi caro. Mais aquel editorial contiña igualmente algunhas das liñas de actuación que o galeguismo e o nacionalismo deberían adoptar: mostrar e demostrar forza como País, porque só así seremos capaces de facernos escoitar e de negociar de ti a ti co Estado e de marcar unha axenda política que inclúa os problemas dos galegos e das galegas e as solucións.

É ben interesante revisitar esas páxinas escritas en 1977 para coñecer o pensamento e a actitude que desde dentro da Igrexa

¹ Ana Pontón Mondelo é licenciada en Ciencia Política pola U. de Santiago, deputada no Parlamento de Galicia desde o ano 2004 e portavoz nacional do BNG desde o ano 2016.

mantiñan moitas persoas fronte ao novo escenario político que se abría para Galiza. Esa lectura axuda a comprender que seguimos a transitar e a construír o mesmo camiño e que as xeracións actuais estamos en débeda con todas as outras que nos precederon e con todas as persoas que, desde moi diferentes posicións ideolóxicas, viron a necesidade de facer País. Por si, aproveito este artigo para expresar recoñecemento e agradecemento a aquelas mulleres e a aqueles homes que puxeron en marcha o proxecto de *Encrucillada* nun momento tan decisivo para a historia contemporánea de Galiza.

2.- Unha Igrexa galega e en galego

A segunda reflexión que quero facer ten a ver coa miña relación persoal coa Igrexa cando aínda era unha nena nunha aldea de Sarria. A nosa casa familiar está xusto á beira da igrexa de Chorente e unha das obrigas que tiñamos era non faltar nunca os domingos á misa. E a min chamábame a atención que falando toda a xente da parroquia galego, o cura, que tamén falaba galego fóra da igrexa, daba sempre a misa en castelán.

Incluso lembro que debatemos este tema cando estábamos preparando a catequese. A resposta do clérigo foi que así o entendían mellor, argumento ao que lle retruquei cunha pregunta: «Como vai ser así se aquí toda a xente fala galego?». Non o podía entender. Pouco a pouco fun vivindo aquela contradición lingüística como un disparate contra o que tiñamos que rebelarnos, asumindo sen complexos o uso da nosa propia lingua en todas aquelas situacións sociais nas que o idioma galego estaba excluído. De feito, a cuestión lingüística marcou moito a miña identidade e a miña posterior identificación política co País.

Agora que estou a escribir este artigo teño que dicir que seguramente o pensamento e o compromiso coa nosa lingua e con Galiza de moitísimas persoas sería moi diferente de ter unha realidade eclesiástica como a que se palpa nas páxinas de *Encrucillada*. E quero lembrar que cando era unha nena de dez anos

esta publicación de pensamento cristián levaba xa outros dez circulando por Galiza. Lamentablemente nesa corrente galeguizadora non estaban todos os que impartían homilías e moito menos a xerarquía.

O papel histórico da Igrexa puido e debeu ser outro. Aínda que algunhas tomamos conciencia moi pronto de que había que falar a nosa lingua en todos ámbitos e levala con orgullo, o certo é que a moitas de nós faltounos un guía nesas misas dominicais que compartisen a filosofía de *Encrucillada* ou, cando menos, ter a revista entre as mans.

Desde unha perspectiva feminista non quero esquecer outra experiencia de carácter persoal relacionada coa Igrexa. Miña irmá e mais eu non lograbamos entender por que nós non podíamos ser acólitas. Naquel momento parecíanos que era un acto de igualdade que as nenas puidésemos ser acólitas igual que os rapaces eran acólitos. No fondo creo que o máis importante daquel pulso que botamos miña irmá e eu para conseguilo foi a non aceptación da desigualdade. Creo que aquel cambio mental tivo a súa importancia para as nenas todas da parroquia: as nenas tamén podíamos ocupar funcións que lle estaban reservadas exclusivamente aos rapaces. E fixémolos, ademais, nun dos lugares de máis visibilidade dentro da comunidade parroquial: na igrexa.

3.- Soñar un País diferente e mellor

Este é o contexto no que me criei e no que fun tomando conciencia da nosa lingua e da identidade de xénero dunha forma natural. Nada sabía dun pensamento cristián comprometido co País ou dunha revista como *Encrucillada* e, co tempo, algunhas das persoas que publicaban nas súas páxinas serían referentes para min, como foi o caso de Francisco Carballo.

A Galiza que soño, que soñamos hoxe no BNG, seguramente non está moi lonxe da que soñaba aquel grupo de persoas que puxeron en marcha esta publicación hai máis de catro décadas e, desde logo, é a mesma Galiza que soñaba o profesor Francisco

Carballo, que desde a súa fe cristiá mantivo posicións políticas firmemente nacionalistas durante toda a súa vida.

Certo que cada momento político, cada circunstancia histórica, esixe unha resposta concreta, e cada xeración ten que atreverse a actuar con intelixencia e coraxe política. Naturalmente, para o nacionalismo galego a acción política nunca foi un camiño de rosas, en ningún momento da súa traxectoria. Pero desde a primeira xeración galeguista, desde a xeración de Antolín Faraldo, fomos capaces de manter viva a idea de construír un país e darlle outro futuro a Galiza. Esa idea, ao longo do tempo, tivo a súa expresión en múltiples entidades e institucións culturais, colleu corpo en diferentes organizacións políticas, tivo diversas expresións ideolóxicas, experimentou non poucas estratexias, deu pasos adiante e atrás, mais existiu sempre.

Podemos dicir que fronte aos poderes do Estado español e aos partidos estatais que negan a existencia política de Galiza como nación, na historia contemporánea do noso País hai outra Galiza que resiste fronte a esa negación e que loita para construír unha nación libre, soberana, en pé de igualdade con outros pobos. En definitiva: unha nación no mundo.

Soñar outra Galiza implica poder imaxinala tal e como a querían Castelao e Bóveda. Desde que temos Autonomía, Parlamento e Xunta de Galiza —e van xa máis de catro décadas—, aínda non tivemos na Presidencia da Xunta unha persoa e unha forza política que aspirase a construír o soño daqueles dirixentes do vello Partido Galeguista que xa nos anos trinta do pasado século estaban a crear as condicións políticas e institucionais para facer de Galiza unha nación co mesmo status político que Catalunya e Euskadi.

E non vexo outra maneira de darlle continuidade á obra política de Castelao que situando o nacionalismo no liderado do Goberno galego, porque só desde esa posición institucional, desde unha responsabilidade de goberno sen límites mentais, se poderán encarar outros debates máis ambiciosos e imprescindíbeis para o autogoberno pleno de Galiza.

4.- Facer os soños realidade

O importante é non perder nunca o horizonte ao que queremos chegar, o rumbo ten que estar sempre claro. Pero non hai outra forma de facer o camiño que non sexa paso a paso. Non por querer alcanzar a meta chegamos antes se non andamos o camiño para intervir na sociedade, para cambiar a realidade, e iso implica mollarse, facerlle fronte aos problemas asumindo responsabilidades concretas desde as institucións que temos.

E está claro que desde un Goberno galego liderado polo BNG o peso político de Galiza no Estado mudaría radicalmente. Para facernos escoitar e para negociar.

A Galiza que soñamos pasa por ter un goberno que non se poña límites para defender o noso status como nación, para impulsar a economía partindo da nosa riqueza e das nosas capacidades produtivas, capaz de crear emprego e frear a sangría da emigración; de garantir servizos públicos de calidade, de lograr unha sociedade viva, dinámica, moderna, orgullosa da nosa lingua e da nosa identidade. En definitiva, a Galiza do futuro.

E como feminista, que tivo a sorte de ter unha avoa moi consciente da discriminación que sufrían as mulleres, lidero un BNG que defende unha Galiza onde as mulleres sexan libres e iguais en dereitos. Para conseguir esa Galiza soñada, pero posíbel, precisamos de todos e de todas nós.

Ana Pontón
Portavoz nacional do BNG